

~~Foll. 120-111~~

Foll. 137-27

П. 23852

A GALICIA.
CANTARELA
NOS XOGOS FRORAS DA CRUÑA,

COSTEADOS

POR DON XOSÉ PASCUAL LOPEZ CORTON,

NO ANO DE 1861,

POR

DON FRANCISCO MARIA DA IGREXA,

gallego pel' es catro
lados, amigo de todo o mundo, pro enemigo decra-
rado dos que ofendan ó seu pais.



Imprenta do Hespicio Previncial,
o cargo de D. Mariano M. e Saicho.

THE UNIVERSITY OF CHICAGO
LIBRARY

THE UNIVERSITY OF CHICAGO
LIBRARY

THE UNIVERSITY OF CHICAGO
LIBRARY

A GALICIA.

O que ame a sua terra sin ofender a
dos demais é nobre de corazón: e se ama
a todas sin olyidar a sua é grande de
sprito.

I.

No sagro Pindo (1) que hastra o ceu levanta
Do Ézaro ó pé garrida testa
E bica a sua pranta
Dourado mare donde en louca festa
A leda silfe co a Serena canta;
Naquel monte d' antigo tan famoso
A quen os grecos e os romans cantaron,

(1) O de Galicia.

Onde amaña mimoso
O sol dos arreboles que inframaron
A cantos ver viñeron o chau noso;
 Alí onde aquel rio arrecendado
Quer subir hastra o ceu de amor fervendo
Por seu leito froreado
E no seo do mar morre xemendo
En chuvias de diamantes cambeado.
 N' aquel gayo praiso onde pousaron
Os xenios que ó Parnaso nome deron
E os dioses se enterraron
Des que na Grecia de pesar morreron,
Logo que as rosas do Calvario ollaron;
 Enriba d' aquel monte donde chora
Albos alxofres pol o roxo amante
Diana Cazadora
Cando a fay prisioneira o vello Atlante
Ó sentirse el arder coa luz da Aurora;
 Mesmo alí ond' a vista s' enfeitiza
Entre Lira, Fisterra e a Lobeira,
Ollando a prata riza
Que mostra á Colombian fonda carreira
Onde vorcans o sol á tarde atiza;
 Nun campo de mentrastes e espadanas
Mimado pol o alento recendoso
Das frores gayolanas,
Tén GALICIA o seu tempo maxestoso
Gardado po las Musas galicianas;
 Onde vay recollendó os seus tesouros

Que acabar tantos sigros non poideron,
Suevos, Romans, nin Mouros,
Nin o Franco e o Ingrés que acó viñeron
Cos seus non de esquencer, proentos louros.

Ali tén cada monte, río e vale,
Decote de servicio as suas fadas
Co ouxeto prencipale
D' ofrendar a GALICIA as grans restradas
Cos béns que de cotío d' eles sale.

Por éso canto á terra e o mar nos botan,
Merca a endustria, e reforma a arte
Ali xuntas se notan,
E hastra os fróses do rebérte Marte
Por que nada fallar, tamen se acotan.

Tamen ceibando lumes espellantes
A fada que fay luz da nosa Historia,
Con trenzas de diamantes
Tecendo está o loureiro para a gloria
Das prumas d' esta terra máis amantes.

Póis bén, no medio d' este rol da cencia
Está GALICIA con morrion e lanza
E garbosa presenza
Esperando a Cortox que hastra ela avanza
Ardendo por erguer a Gaya-Scencia.

¡Miráde! ¡Aquela é! Seu rostro amante
Entr' os ancians e sabios d' esta terra
Está tan arrogante,
Que trás seu morrion parez que encerra
Do *Hespeiro* aquel rodicio alborexante.

So purpuriña capa, de albo liño
Vistido tray da hobreira hastr' o nocelo,
Cinguido no banciño,
Hastra dondelle pende o seu cabelo
Longo, crecho, mimoso e douradiño.

Talla de porte tén, tésta espaciosa
Brazo redondo rexo: mau pequena,
Ancha cadeira airosa,
Fala que torna amor a loura pena;
Branca fazula con albor de rosa.

De ouro do Sil, e de mestura alleo,
Feligranado, como o sol lumioso,
E de carbuncros cheo,
Gárdalle o peto de armas máis rumboso
Os grobos lateántes do seu seo.

E escravos d' uns boticos apulentos
De malla fina de courel de prata,
Tray seus pés armiñentos
Que ceiban das fervélas que llos ata
Do arco íres a luz nos movementos.

Tray pendiente ó seu cólo torneado
Fagudiño e tan branco como a neve,
Cruceiriño dourado
Por rica gargantela que se embebe
Baixo a crencha raiz do emprequitado.

Luceiros da miñan son seus olliños
Que rouban o alvedrio, d' unha ollada;
E hastra os craveliños,
E os mesmos rosicreres da alborada

Pidenll' alento e tinta ós seus labiños.

Ó pé de esta nay reina escrarecida,
Nobre da quinta esencia da nobreza,
Co a xuventú frorida
Chegando vay Corton co a grandeza
Dina de nunca máis ser esquencida;

Ó pé d' esa madroa maxestosa
Por quen el concibeu a santa idea
De abrir loita amorosa
Que ó seu querido lar máis lume dea,
E dea mais renome a esta edá nosa.

En bén da caridade a quen el rénde
Decote adorazon por que é o sello
Que o corazon lle prende,
E do seu bon facer é craro espello;
Nesta idea de amor tamen se acende.

Acéndese tamen na lembranza
Das nunca de esquencer tenras poesías,
Do amor sin esperanza
Do fillo de Padron: d' aquel *Macias*
Que no cazre o matou tredora lanza.

E o galaico honore arresentido
Po las befas causadas ó chau noso
Decote escrarecido,
Préstalle o seu crarin nobre, meloso,
Por que chame co el ó bon sentido;

E probe antes que todo aquen o iñora;
Que tamen arde acó á luz do xenio
E hay arpa arroladora

Tanxida por cantor de tanto inxenio
Que a alma escrava fáy se canta ou chora.

Por eso el de amor cheo n' aquel canto
Chama a GALICIA sobre o alto Pindo,
E quíttaa do encanto
En que ó pé do séu tempo está sorrindo,
E dille farto asi de lume santo:

—«¡Ouh miña nay groriosa! ¡Ouh GALICIÑA!
¿Que fas do Sagro Pindo no alto cume?
Ti que és decote o sol da miña almiña
Que xiada amortuxou teu santo lume?

¿Que foy da tua vida inframadora
Enxemplo de fidalga bizzarria
Para a nay dos seus fillos gardadora
Que por sua insinanza non dormia?

¿Que alento dás ós teus filliños d' oxe?
¿Que recordos groriosos lles despertas?
¿Que foy do teu loureiro que non roxe?
¿Cómo pol o seus trunfos xa n' alertas?

¿Non ves case outras terras abren loita
Ó gayolan cantar, ó sol do xenio
Que ás mais nobres virtús dan rica froita
Permiando con xusticia ó human inxenio?

¿Esto ti non fixeches n' outros dias
Abrindo aló en Fonseca a compitencia (1)
O *Martes de Raxó*, entre as folias,
Froles da inspirazon da Gaya-Scencia?

(1) Colegio de Fonseca de Santiago de Compostela.

¡Erte e móstranos, pois, o teu sin lixo,
Escudo espellador que conquistaches
No Marathon, Medelo e no Cravixo
E ond' ó noso chau grorificaches!

¿Ou morreu xa pra nós do xenio a estrela?
¿Non sirven nosos sons prá tua loa?
¿Morreu tamen Minerva en Compostela?
¿Crubes d' alciprés louro a tua croa?...

¿Caeron xa de dor os nosos tempos
Que os xigantes da Fé ó ceu erguéran?
Ou é que xa non corren os inxemplos
Que ós nosos visabos tanto acenderan?

¡Ay esperta GALICIA! esperta! esperta!
Ven aquí'a permiar os teus cantores
Xa que por teu honor viven alerta,
E cantan só por ti brandos louores!...

¡Que así que lle sinales os primores
Sobre quén máis fidalga te levantas
E prendas no seu peito as Gays frores
Morrerey de consolo ás tuás prantas!!!!...

Ó escoitar un discurso tañ valente,
Tan amoroso e dito d' aquel xeito,
Sua nay docemente,
Unha aperta lle dóu contra o seu peito
E á falar se dispuxo nobremente.

Pro escoitá por Dios! ¡Poñede oído
Ó brando resoar da fala sua!
Poñé, poñé sentido,
Verés case o peito vos decrua

Guindando co pesar aló no olvido!

Máis xa as Musas tempéran seu strumento:

Érguese o reiseñor na rainacia,

O Ézaro ruxento

Acouga no seu leito d' alegría,

E en rel'a pón o mar seu movemento.

Xa Céñiro e máis Frora danlle alento,

Íres o seu dosel, seu lume a Aurora,

Colle prigos o Vento

Á véla da sua barca voadora;

E Amor do seu carcaixo faille asentol...

II.

—«¡Ouh arpas do Druída ¡despertadel
¡Erguvos d' entre as cinzas dos meus castros!

Vinde a cantar un trunfo á nosa idade

Dos meus pórpidos dino, e os meus labastros!

Espritos dos meus vales, e os meus rios,

Xénios que ó meu poder trebuto dades

Ferí con brando son os sagros fios

Da arpa vosa de amor con que me honrades.

Nenas do Miño e o Sil, fillas da aurora,

Vós do Sar e do Lérez froreados

Que tedes miña forza domiadora,

Soltá vosos cantares regalados.

Soltáos vós tamen, do Tambre e o Ulla,

Que ó peito máis ferrudo dades lume

E cando a vosa voz tenra gorgulla

O meu sprito ergués do ceu ó cume.

E vós, ouh cruñesiñas, que amainades
As ondas do Orzan se a voz erguedes
E as pedras coma Orfeo trasladades,
Vinde a cantar tamen ¿que é o que facedes?...

Vinde a poñer na testa escrarecida
Deste fillo de amor verde loureiro
Por esta aucion pra min nunca esquecida
Que tanto inxemplo dou ó voso outeiro.

¡Fillo de bendicion! por teu alento
Abrazo ós teus hirmans neste gran dia
E as miñas gorrias conto a este convento
De amor, virtú e saber, e fidalguia.

Pró che ofrezco tamen coa miña alma
Decote ter gardados no meu tempo
Teu nome, tua croa, e tua palma,
Por nobres galardons do teu enxemplo.

E vós xueces, poëtas, e xuntados,
D' esprito e máis de nome relucente
Que ó chamar grato seu fostes guiados
Terés cantiño alí resprandecente.

¡Chegádevos a min! Aquí xuntiños:
A todos vos quer bén esta Nay vosa:
A contarvos meus béns e traballiños
Vos vou para esfogar miñ' alma ansiosa.

III.

¡Ay Dios que consolo pra unha naiciña

Mirar tantas xoyas no seu arredor
Anacos queridos da sua almiña
Rayolas do lume do seu tenro amor.

¡Meu corazonciño non cabe no peito
Que é moy reducido pra tanto gozar!
Chegá cantos tedes meu solio dereito
Coa pruma ou co a spada: ví, vime abrazar.

Vós que as miñas grorias dos sigros fuxidos
Eternas fixestes con doce cantar;
Os verdes loureiros que tes merecidos
Ó meu regaciño vinde oxe a catar!

¡Ti que na campaña cal rayo xufrento
Que atrás xámais eia ergueche o pendon,
E por meu renome con rexo ardemento
Da morte trunfaches, da honor toma o don!

Ti que dia e noite sostés meu dereito,
Cal lámpara que arde de Dios ós seus pés
Ás dádivas xordo, e a Témis suxeito.

A palma xa toma: ganádala tés!

Vós cal Escolapio vivindo entre dores
Que de alas do sono fuxís con afan

Saude volvendo ós primos verdores
E acalás dos tristes, laídos que dan;

E vós ¡ouh! ministros do Dios sin empezo,
Pra quen este mundo praceres non ha
E da Caridade non catas o prezo

No vále das bágoas, meu peito estreitá!

Vosoutros que o lume guixades da cencia
Na imprenta e na escola guiando esta edá

Levando xa o premio na vosa concencia,
As chaves tomade da Posteridá.

Ti que co gran Fídias loitache e loitache
Fixando os meus trunfos con destre cicel,
Que en Roma e na Corte renome deixache
Pracéndoche o lauro, a min ven por el.

Nestor que os meus campos crubes de fartura
E deixal a Arcadia nos gandos atras,
E rios de viño quitas da verdura
E cánles de leite e mel correr fas,
E pillas de peixes un rico tesouro
Dos meus tres mil rios no craro cristal
E montes levantas de millo cal ouro,
De mélica froita e puro candeal.

E críal as éguas que enxendran do vento
En campos que alxofran as noites de abril
Alfombra de frores de grato alimento
Ós fatos lanudos que guías a mil;

Ven; o lume sagro que o meu peito corre,
Acende o das fadas xuntiñas aquí,
E pra os seus filliños d' amor solo morre...
Tén croa lumiosa tamen para ti.

Meus fillos queridos que o leito deixades
Que co a luz da alba ó taller corres;
E en suor molladiños meu cetro labrades:
Por man da GALICIA permeador serés.

Tamen ti, naiçiña de limpa concencia
Que ás fillas virtudes e enxemplo lle das
Cochándoas co manto da diva inocencia

Con rosas albiñas croada serás.

¡Pebeyos e nobres, se sos virtuosos,
Ó meu real convite lixeiros corrél
Amante nay chama: con timbres groriosos
A todos iguales os seus fillos ve.

Todos ós meus brazos
¡Ay corré, corrél
¡A todos iguales
Vosa nay vos vé!...»

IV.

Así chamando foy con franco xeito
GALICIA sobre o Pindo ós seu filliños
Apertando un á un contra o seu peito
Cal cocha a galiñiña os seus poliños;
E dés que coroando os foy a eito
E a todos reparteu seus aloumiños;
Ó pé do trono seu sentalos fixo,
E se mal non me engaño así lles dixo:

—¡Fillos da miña almiña! ben sabedes
Por cantos feros dores veño vindo
Des que o troniño ocupo en que me vedes
Baixo do sol galan que está sorrindo:
Coido tamen que o amor n' olvidaredes
Con que LÓPEZ CORTON vos trague ó Pindo,
E mais por qué, samente esta vegada,
Quero eu ser por vosoutros festexada.

Eu bén quixera, bén, con gran contento,
Sela por outros máis, pro a inxusticia
Que se fay dos meus fillos ó talento
Qor quén seique non sabe o que é GALICIA,
Fíxome perferir este convento,
Para con esta loita permeiriza,
Inframados na luz da miña historia
Lovarvos sin madía hastra a vitoria

¡Lonxe de min cenreira! ¡Nunca asento
Topará no meu peito a vinga loura
Que mucha o corazon e o pensamento!
O amor universal entre nós moura
Fillo do que dou vida ó firmamento;
E quen non o sentir, non atesoura,
Dos nobres corazons o lume santo
Que torna ó val das bágoas nun encanto.

Pro vós vedes que os reinos van voando
A tomar unha forma muy difrente
Na ruta por que viñan camiñando:
¡E por se chega o dia refundente,
Se pol o visto xa se ha d' ir xulgando,
Que camiñe o Levante co Poente;
¡N' é xusto saiba un no gran convite
Con canto o noso chau cos máis cõmpite?

Vós sabedes moy bén que cando puxo

Dios ó pormeiro pay señor da terra,
Sabidoso, e escorreito coma un buxo,
E ceibo dese mal que a paz desterra,
A ley do seu amor tamen lle impuxo
Que o vóso corazón no fondo encerrá,
Para que os que de Adan se orixinasen
Por hirmans s' entendesen e axudasen.

Que s' axudasen si, e que poboando
A terra segun sua veluntade,
Os homes non fixesen máis que un bando
Rexido pol os vinclos da hirmandade,
Sin ir nas bágoas d' uns, outros nadando,
E fose así subindo a humanidade
Adepresa de Dios na mesma escola,
C' unha fala, un goberno, unha ley sola.

Pero o home de cote aguilloado
Pol o acedo da culpa permeiriza,
Botou por onde quixo desbocado,
Ou foy pol a calada como a triza:
Impúxose ós máis debles arruallado
Erguendo menumentos á inxustiza;
E ós de lonxe, ou contrarios ós seus feitos,
Tratou como a unhas bestas sin dereitos.

Baixo o louro pendon d' esta credencia
Ergueron seu poder os cobiceiros,
E todo o seu esforzo, e a sua cencia

Foy trocar seus vasallos en guerreiros
Temprándoll' ó seu xeito a sua concencia,
Para que desen caza ós estranxeiros
E os levasen xunguidos e arrabados
Secundo o seus intentos malfadados.

Para mandar nos seus con máis folgura
E darlle renda solta ós seus entoxos,
E ter sua rapiña ben segura;
Pintaron ós domáis d' ánimos froxos,
Sin dioses, sin goberno, e sin cultura,
Só bos para erguer pontes e abrir foxos,
E ter a prata e o ouro soterrados,
Tesouros para os dioses destinados...

Sairon póis cal choyas os guerreiros
De Macedon, de Roma e de Cartago,
Cheos d' estes consellos cobiceiros
Á dar de sangue ó mundo un ásolago
Cargados das batallas cos apeiros,
Cos que foron ceibando morte e estrago
Coma os rayos xufrentos e os nubeiros,
Que en tempos de Noé, en poucos dias,
Deron dos homes fin ás feiturías.

Como era natural, os peitos nobres
A vivir coma o aire acostumados,
Ó paso sé apuxeron d' estas cobres.
Dispostos a morrer esnaquizados,

Ou ser nas augas doces e salobres
E na voraz fogueira sepultados,
Antes de escravos ser da xente alléa,
Nin ver travado o cólo na cadea....

Saíroll' ós encontros: e acendidos
No lume con que a pátreá ó peito anima,
Fixéronos ciár espavoridos,
Deixando na canada, dende a cima,
A miles de milleiros esfundidos,
Dos que tiña o seu reino en mais estima....
¡Máis ó fin secumbino cen estados
Á forza, ou ó rigor dos tristes fados!

¡Pro que enxemplos de arranque endependente
De'on contra os tiráns, queridos fillos,
No campo, na riveira e na pendente,
Os que vian o inferno ó soar dos grillos!...
¡Que batallar aquell... ¡que amor ardente
Á santa libertá!... ¡que de caudillos!
¡Que espritó xeneroso e que puxanza
No dar á móca, a fonda, ó arco e lanza!!!..

Esta terra tamén que é a morada
Semellante á que Adan chorou perdida,
Foy tamen por estonces atacada,
¡Anque terriblemente defendida
E dos mesmos tiráns admirada!...
Pro cando empóis de sigros foy collida

Parte d' ela escolleu con alma forte
Libre ser no Medelo hachando a morte.

De xeito que en lugar d' haber vitoria
Pró Roman trunfador, houbo humildanza;
Tan só para o vencido abriu a historia
Unha prana de amor e de membranza
Que vay de sigro en sigro na memoria
E xa sirveu á Roma de ensinanza
Cando pasmada ó feito que eu alabo
Seus Césares pideu ó pobo escravo.

Dempóis correndo sigros pillou medra:
Sendo para a empriál e roman croa
A máis relumeánte e rica pedra,
Sostendo o seu poder con farta loa,
Como termá do álbre a rufa edra
Cando xa coaa vellez todo se esbroa
Hastra que do Poente derrubado;
O imperio é dos Bárbaros ganado.

Pro xa leises, costumes, e autamentos
Baños, pontes, camios e linguaxe,
Da terra o cultivar con mais aumentos
Correndo aquí pagáran vasallaxe:
Escolas do saber e menumentos
Que inda demostran oxe o seu pasaxe,
Tanto ergueno o meu tronó; que luz fago
Que a el subeu o sol do gran Santiago.

Despóis fun como a strela dos Pastores
Para Galos e Suevos. Seu reinado
Fuxeu como a troboada dos calores
Deixando o meu peitiño moy magoado.
Tras d' eles veu o Godo e os seus horrores
Sentarse no meu trono tan catado:
Hastra que ó acabarse o sigro sete
Rodrigo se esfundeu no Guadalete.

¡Aquí veñen pra min dias mais louros!
Certo é que ó rescatar co gran Pelayo
A ibéirica nacion da mau dos Mouros
Co a iria con que ardendo enviste o rayo,
E dando sin contar os meus tesouros,
Máis oroas pilley eu que frores Mayo:
Pro en setecentos d' anòs de loitanza
Xamais durmeu no armeiro a miña lanza.

Máis ó poñerse a lua do Islamismo
Baixo o rexo poder da gran Sabela
Que ó pobo engrandeceu e á Ilesia o mesmo,
E que por sua Netiña inda oxe vela;
Tanto me atafegou o feudalismo
Que o lume amortuxou d' a miña strela:
Por mor del e meu cetro tan querido
Cos máis cetros hispans foy nun fundido.

Márrame inda falar da margarita
Que ó par do corazon levo pendiente,

Por que me lembre a loita máis evita
Que sostivo da Cruña a altiva xente:
Do inxemplo do valor, *Maria Pita*,
Que entre nós vivirá perpétuamente;
Póis q' enriba da brécha, peito a peito,
Do Drake o gran poder deixou desfeito

En fin, para acabar, ollá o loureiro
Que borda o meu morrion sempre grorioso.
Nas suas follas vede o renguileiro.
Dos trunfos do meu reino vitorioso
Dend' a perda de Troya hastra o guerreiro
Que ó vir a conquistar este chau noso
Levou tamaño golpe aló en San Payo;
Que nunca máis se ergueu do seu desmayo.

Nada me marra xa. Na miña historia
Chea de tantos feitos de valía,
Notábase un franquiño inda de gloria
Que veu encher CORTON neste gran día.
Gloriosa será, póis, sua memoria:
Dino é do meu amor: meu peito fia,
Que o nome de este fillo tan querido
Na arpa do poeta irá escurpido!...

Silfes dos vales meus, ceibade ó vento
Os sons que no meu Templo ergués docíños,
Cando a ninfa da historia asentamento
Fay do nome d' algun dos meus filliños!

Mostrade ó mundo enteiro o meu contento
E cantalle outra volta os cantariños
Que estes sabidos xueces ensamiaron....
E dinos do meu premio os atoparon.

E vós craros espiritos dos meus mares,
Que ledos persenciás miña alegría,
As ancras recollél ¡Cortade os áres
E a cantos portos hay í sin madia
A decirlle ós filliños dos meus lares
Que o sagro amor da cencia n' arrufia
Neste chau onde en nobre competencia
Mil trunfos pillou oxe a Gaya-Scencia.

Escoita tamen ti, pobo querido,
As arpas que premiey che recomendo:
Non lle págues xamais co negro olvido:
Tamen o manto meu sobre elas tendo,
Para que en teu honor cantar frorido
Poidan de sigro en sigro ir estendendo;
E naide decir poida que esta terra
Ós de fora dá a mau, e ós fillos guerra.

E vós nobres iuxenios que marchando
Pol a ruta espellante da sabiencia
Non deixando folgar o pleutro brando
Un premio non levás; con delixencia
Tornade ó exercicio; que loitando
Será como trunfésna competencia;

Pois quén só na fortuna téi fianza,
Sobir ó tempo meu xamais alcanza.

Pobo sabiente ¡adios! O meu espírito
Vay dos xogos Frorás tan satisfeito
Que dimpois de lembrar o que está dito,
Sinto un vorcan de amor dentro o meu peito.
Ó meu tempo me vou. Alí o delito
Nin a inxustiza a entrar teñen dereito;
¡Pero nel entrará quen loite ansioso
Hastra o premio ganar o máis honroso!!»

V.

Así dixo GALICIA, que cruzando,
As portas do seu tempo cristalino,
Foy recendor deixando,
E craro alborear pol o camiño.

Os paxáros piaron con dozura,
Ceu e terra mostrano o seu contento;
E cheo de folgura
Palmas batéu de amor aquel convento,

Marchando co a alma satisfeita
D' un día tan querido e tan grorioso
E tendendo a dereita
A quén na loita foy mais *venturoso*.

A ingratidade é o ministro da inxusticia.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO



00276634

